

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

En Mos, 22 de febreiro de dous mil vinte tres.

Na sala de xuntas da Casa Consistorial de Mos, ás 11:00 horas, réunese a Mesa de Contratación na licitación, mediante procedemento aberto (SARA), de contrato administrativo de servizos de recollida de residuos sólidos urbanos (fracción resto e selectiva) e a limpeza viaria do Concello de Mos, tramitación ordinaria, integrada pola Sra. Alcaldesa, Dna. Nidia María Arévalo Gómez como Presidenta, D. Baldomero Lorenzo García, Concelleiro delegado de Servizos, D. Carlos Piñeiro Sarmiento, Secretario do Concello, D. Santiago Gestal Pérez, Interventor, como Vocais. Actúa como Secretaria da Mesa de Contratación, a funcionaria Dna. Rosa Rodríguez González, adscrita á Secretaría, que da fe do acto. Cóntase coa asistencia técnica dos informáticos do Concello.

PRIMEIRO.- A Mesa de contratación en sesión celebrada o 26 de novembro de 2022 procedeu á apertura do *Arquivo electrónico II*, das proposicións admitidas, documentación a valorar conforme aos criterios cuxa ponderación depende dun xuízo de valor.

Atendendo ao disposto na cláusula 14.2.1 dos PCAP a mesa de contratación remitiu a valoración a documentación incluída no arquivo II.

Visto o informe de valoración do arquivo II, emitido polos Servizos Técnicos en data 17 de febreiro de 2023 e que ofrece o seguinte resultado:

“INFORME TÉCNICO DE VALORACIÓN DAS OFERTAS TÉCNICAS PRESENTADAS NO PROCEDIMENTO ABERTO DO “CONTRATO DE SERVICIO DE RECOLLIDA, TRANSPORTE E XESTIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS (FRACCIÓN ORGÁNICA E SELECTIVA) E A LIMPEZA VIARIA DO CONCELLO DE MOS.

EXP. GESTIONA: 1842/2022 VALORACIÓN ARQUIVO II

1.- OBXECTO E ANTECEDENTES

1.1.- OBXECTO

1.2.- ANTECEDENTES

2.- EMPRESAS E OFERTAS PRESENTADAS

3.- CONFIDENCIALIDADE

4.- FORMATO E PRESENTACIÓN DAS OFERTAS

5.- COMPROBACIÓNS PREVIAS

5.1.- COMPROBACIÓN DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POR ASCAN SERVICIOS URBANOS (ASU)



5.2.- COMPROBACIÓN DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POR FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U.

5.3.- COMPROBACIÓN DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POR URBASER, S.A.

6.- METODOLOXÍA

7.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

7.1.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUIZO DE VALOR

8.- VALORACIÓN DAS OFERTAS

9.- RESUMEN DA PUNTUACIÓN FINAL DAS OFERTAS

10.- CONCLUSIÓN

1.- OBXECTO E ANTECEDENTES:

1.1.- OBXECTO:

O presente informe redáctase a petición da Mesa de Contratación do expediente de referencia 1842/2022 “CONTRATO DE SERVIZO DE RECOLLIDA, TRANSPORTE E XESTIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS (FRACCIÓN ORGÁNICA E SELECTIVA) E A LIMPEZA VIARIA DO CONCELLO DE MOS”

O obxecto do presente informe é analizar os aspectos técnicos das ofertas achegadas referentes á convocatoria, por procedemento aberto con varios criterios de valoración, para a contratación da xestión dos servizos de recollida de residuos municipais (fracción orgánica e selectiva), e a limpeza viaria do concello de Mos.

En concreto, analizouse e valorouse a documentación presentada no ARQUIVO II, referente á documentación avaliable mediante un xuízo de valor.

1.2.- ANTECEDENTES:

1.- Prego de prescricións técnicas asinado pola enxeñeira municipal, relativo á contratación do servizo de recollida de residuos municipais (fracción orgánica e selectiva) e a limpeza viaria do concello de Mos. Así mesmo no prego técnico adxúntanse unha serie de Anexos:

- *Anexo I: Cantidades aproximadas de residuos recollidos (ano 2021), por tipo e fracción*
- *Anexo II: Dotación mínima de contedores de recollida selectiva*
- *Anexo III: Relación de contedores existentes (estimación)*
- *Anexo IV: Relación de vehículos /maquinaria propiedade do Concello*
- *Anexo V: Zonas limpeza viaria*
- *Anexo VI: Emprazamento de bases de recollida de lixo no solo urbano*
- *Anexo VII: Equipos mínimos a empregar en limpeza viaria*
- *Anexo VIII: Relación de persoal servizo de recollida e transporte RSU e limpeza viaria*
- *Anexo IX: Festas patronais-concello de Mos*
- *Anexo X: Convenio marco de colaboración entre a administración xeral da comunidade autónoma de Galicia e as entidades xestoras dos sistemas integrados de xestión (SIX) de residuos de pilas e acumuladores (RPA)*



- 2.- Prego de cláusulas administrativas particulares, asinado polo concelleiro delegado de contratación.
- 3.- Estudio económico redactado e asinado pola empresa PWACS, como asistencia técnica para a redacción do mesmo.
- 4.- Memoria xustificativa de non división en lotes e insuficiencia de medios e necesidade do contrato. 5.- Informe do secretaria municipal de data 16.09.2022
- 6.- Informe favorable de intervención municipal, da fiscalización do contrato administrativo de servizos.
- 7.- Por acordo do Pleno en sesión ordinaria do 7 de outubro de 2022, aprobase o expediente de contratación de servizos.
- 8.- Publicación na Plataforma de Contratación do Sector Público o 13.10.2022.
- 9.- Con data 11.11.2022, a FEDERACIÓN UGT-SERVICIOS PÚBLICOS presentou un recurso especial en materia de contratación, ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, polo que se acordou a suspensión provisional do procedemento ata a resolución do Recurso Especial en materia de contratación polo Tribunal.
- 10.- En data 23 de novembro de 2022, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da comunidade autónoma de Galicia, acorda inadmitir o recurso interposto, por terse presentado fora de prazo de 15 días hábiles previsto para a interposición do recurso especial, polo que se levanta a suspensión provisional.
- 11.- A Mesa de Contratación en sesión do 24 de novembro de 2022, procede á apertura do **archivo electrónico I e do archivo electrónico II** e compróbase que todas as empresas licitadoras concorreron en forma e prazo á licitación.

2.- EMPRESAS E OFERTAS PRESENTADAS:

Convocado o citado concurso, e tal e como se indicou no apartado anterior, tras a calificación da Documentación presentada no ARQUIVO I, foron admitidas para a súa valoración técnica as propostas presentadas polas empresas que a continuación se relacionan:

- ASCAN SERVICIOS URBANOS, S.L. (en diante, **ASU**)
- FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U. (en diante, **FCC**)
- URBASER, S.A. (en diante, **URBASER**)

3.- CONFIDENCIALIDADE:

De acordo co disposto polo artigo 21.1 da Directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.

“Salvo que se disponga de otro modo en la presente Directiva o en el Derecho nacional a que esté sujeto el poder adjudicador, en particular la legislación relativa al acceso a la información, y sin perjuicio de las obligaciones en materia de publicidad de los contratos adjudicados y de información a los candidatos y a los licitadores establecidas en los artículos 50 y 55, el poder adjudicador no divulgará la información facilitada por los operadores económicos que estos hayan designado como confidencial, por ejemplo, los secretos técnicos o comerciales y los aspectos confidenciales de las ofertas.”

No desarrollo do precepto citado no artigo 133 da Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo do Consejo 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, (LCSP) sinala:



“Sin perjuicio de lo dispuesto en la legislación vigente en materia de acceso a la información pública y de las disposiciones contenidas en la presente Ley relativas a la publicidad de la adjudicación y a la información que debe darse a los candidatos y a los licitadores, los órganos de contratación no podrán divulgar la información facilitada por los empresarios que estos hayan designado como confidencial en el momento de presentar su oferta. El carácter de confidencial afecta, entre otros, a los secretos técnicos o comerciales, a los aspectos confidenciales de las ofertas y a cualesquiera otras informaciones cuyo contenido pueda ser utilizado para falsear la competencia, ya sea en ese procedimiento de licitación o en otros posteriores.”

O dereito á confidencialidade das ofertas dos licitadores, por outro lado, debe conciliarse co principio de publicidade das licitacións. Como sinala a RTACRC 199/2011, de 3 de agosto de 2011:

“En efecto, en el conflicto entre el derecho de defensa del licitador descartado y el derecho a la protección de los intereses comerciales del licitador adjudicatario se ha de buscar el necesario equilibrio de forma que ninguno de ellos se vea perjudicado más allá de lo estrictamente necesario.”

Esta conciliación require considerar, fundamentalmente, o alcance que a confidencialidade ten. Neste sentido, a análise do artigo 133 LCSP sinala:

“El deber de confidencialidad del órgano de contratación, así como de sus servicios dependientes no podrá extenderse a todo el contenido de la oferta del adjudicatario ni a todo el contenido de los informes y documentación que, en su caso, genere directa o indirectamente el órgano de contratación en el curso del procedimiento de licitación. Únicamente podrá extenderse a documentos que tengan una difusión restringida, y en ningún caso a documentos que sean públicamente accesibles.”

Seguindo o establecido no artigo 133 da LCSP, a cláusula 35 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (en adiante PCAP), establece en relación coa confidencialidade, o seguinte:

“Sin perjuicio de las disposiciones de la LCSP, relativas a la publicidad de la adjudicación y a la información que debe darse a los candidatos y a los licitadores, éstos podrán designar como confidencial parte de la información facilitada por ellos al formular las ofertas, en especial con respecto a los secretos técnicos o comerciales y a los aspectos confidenciales de las mismas. El Órgano de Contratación no podrá divulgar esta información sin su consentimiento. De igual modo, el contratista deberá respetar el carácter confidencial de aquella información a la que tenga acceso con ocasión de la ejecución del contrato a la que se le hubiese dado el referido carácter en los pliegos o en el contrato, o que por su propia naturaleza deba ser tratada como tal. Este deber se mantendrá durante un plazo indefinido.”

Finalmente, no relativo á adxudicación dos contratos e a súa relación coa confidencialidade das ofertas, hai que considerar o disposto no artigo 151.2 da vixente LCSP, entende que a notificación da adxudicación aos licitadores deberá conter a información necesaria que permita



aos interesados no procedemento de adxudicación interpor recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación, e entre ela en todo caso deberá figurar a seguinte:

“a) En relación con los candidatos descartados, la exposición resumida de las razones por las que se haya desestimado su candidatura.

b) Con respecto a los licitadores excluidos del procedimiento de adjudicación, los motivos por los que no se haya admitido su oferta, incluidos, en los casos contemplados en el artículo 126, apartados 7 y 8, los motivos de la decisión de no equivalencia o de la decisión de que las obras, los suministros o los servicios no se ajustan a los requisitos de rendimiento o a las exigencias funcionales; y un desglose de las valoraciones asignadas a los distintos licitadores, incluyendo al adjudicatario.

c) En todo caso, el nombre del adjudicatario, las características y ventajas de la proposición del adjudicatario determinantes de que haya sido seleccionada la oferta de este con preferencia respecto de las que hayan presentado los restantes licitadores cuyas ofertas hayan sido admitidas; y, en su caso, el desarrollo de las negociaciones o el diálogo con los licitadores.”

O presente informe ten en conta as consideracións sinaladas, e non desvela outros aspectos das proposicións plantexadas que os estritamente precisos para a xustificación das valoracións realizadas de acordó cos documentos que rexen o procedemento de licitación.

4.- FORMATO DE PRESENTACIÓN DAS OFERTAS:

A documentación técnica debe presentarse segundo o establecido no artigo 57 do Prego de Prescripcións Técnicas Particulares, segundo as seguintes especificacións:

- Oferta técnica
- Anexo 1: maquinaria
- Anexo 2: documentación gráfica

A documentación correspondente á MEMORIA TÉCNICA deberá presentarse nun documento na mesma orde na que aparecen os criterios de valoración das ofertas e con un índice de documentos. O documento non poderá ter unha extensión superior a 100 páxinas, escritas en letra tipo Arial, Times New Roman ou similar, de tamaño mínimo 11, con interlineado sencillo. Todas as follas serán en formato DIN-A4. Excepcionalmente, as táboas ou gráficos presentados non terán que cumprir ningunha destas premisas, se ben deberán lerse correctamente tras a súa impresión.

5.- COMPROBACIÓNS PREVIAS:

5.1.- COMPROBACIÓN DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POR ASU

A documentación presentada cumpre cos requisitos esixidos no prego técnico

5.2.- COMPROBACIÓN DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POR FCC

A documentación presentada cumpre cos requisitos esixidos no prego técnico

5.3.- COMPROBACIÓN DA DOCUMENTACIÓN PRESENTADA POR URBASER

A documentación presentada cumpre cos requisitos esixidos no prego técnico



6.- METODOLOXÍA:

Para a valoración das ofertas presentadas, en concreto: ARQUIVO II, suxeita a criterios avaliábeis mediante xuízo de valor dos distintos licitadores, contendo toda a documentación técnica necesaria, seguíuse a metodoloxía e os criterios non valorábeis automaticamente que se indican no artigo 58 do Prego de prescricións técnicas particulares.

- O ARQUIVO II non pode conter información que permita coñecer a oferta económica dos licitadores ou determinar a puntuación que estes conseguirían en base aos criterios do ARQUIVO III. Por todo iso, a MEMORIA TÉCNICA de cada un dos licitadores presentados que foron obxecto de análise debe OMITIR toda indicación específica do custe ou calquera dato económico ou que vaia a ser avaliábeis mediante fórmulas a posteriori. A licitadora que non cumpra con este aspecto será excluída.
- A documentación da MEMORIA TÉCNICA debe adecuarse ao PPTP e ser coherente entre si, sen contradicións entre os diferentes apartados e subapartados que a compón.
- O contido de cada un dos apartados deberá explicar de xeito concreto e xustificada o alcance da oferta para cada apartado e subapartado, que se avaliará de xeito individualizado e independente do resto, exceptuando para a valoración da coherencia dos documentos.
- Concreción, concisión e claridade. Os documentos das MEMORIAS TÉCNICAS, terán o número de páxinas imprescindibles para realizar unha exposición completa e clara das características do servizo, así como esquemas que sinalen todos os aspectos realmente ofertados.
- A redacción dos distintos apartados será moi concisa, incidindo nas ideas e datos fundamentais.

7.- CRITERIOS DE VALORACIÓN:

No ARQUIVO II das ofertas analizadas haberán de estar incluídos todos aqueles documentos que sexan precisos para a valoración dos criterios de adxudicación non cuantificábeis mediante fórmula matemática.

A avaliación dos criterios prescritos realizarase nos termos que se establecen a continuación:

7.1.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUIZO DE VALOR:

Para a valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor, atenderase a criterios vinculados ao obxecto do contrato, tales como a organización e xestión dos servizos, a calidade, a relación cos usuarios e co órgano contratante, o uso das tecnoloxías máis avanzadas, a xestión sostible dos recursos, o compromiso coa eficiencia enerxética e a conservación do entorno, a idoneidade das actuacións e inversión propostas, a formación continúa e o compromiso co desenvolvemento profesional dos traballadores, a transparencia nas relacións comerciais con provedores e contratistas, e o seguimento e control da xestión realizada.

As proposicións dos licitadores deben axustarse ás condicións de formato previstas. Así mesmo, exige que as proposicións se axusten na súa descrición técnica ás prescricións técnicas contidas no Prego de Prescricións Técnicas Particulares, non sendo necesario que se recollan expresa e



exhaustivamente todas e cada unha das prescricións previstas, senón exclusivamente aquelas precisas para proceder á valoración da adecuación das ofertas ao cumprimento do obxecto do contrato.

Otorgarase a máxima puntuación do apartado ou subapartado, no seu caso, a avaliar, á oferta que se considere que recolle mellor os aspectos descritos no mesmo. As restantes ofertas, serán valoradas, en función da documentación presentada, comparándoa coa de maior puntuación.

Neste informe de valoración analízase detalladamente e se califica cada un dos criterios valorables. A cada un delas atribúese motivadamente a calificación de:

-MOI BÓ (“MB”): cando se realice o estudo completo e moi detallado do aspecto en cuestión e/ou se reflexe con fidelidade a realidade do mesmo, e se propoñan medidas de actuación adecuadas, axustadas á realidade, coherentes, xustificadas, ben definidas e/ou innovadoras, cumprindo as expectativas do Concello. **Entre o 71% e o 100% dos puntos.**

-BÓ (“B”): cando o estudo e proposta en relación co elemento a valorar sexa detallado, pero non se propoñan medidas de actuación precisas e/ou innovadoras. **Entre o 51% e o 70% dos puntos.**

-REGULAR (“R”): cando o estudo se limite a un somero plantexamento da prestación, teórico e pouco cercano á realidade, ou non se realicen aportacións de actuacións concretas. **Entre o 26% e o 50% dos puntos.**

-INSUFICIENTE (“I”): cando o estudo sexa incompleto ou non conteña información; ou documentación suficiente relacionada co elemento a valorar ou conteña datos contradictorios; ou o estudo non se adapte ás necesidades dos servizos obxecto do contrato; ou os medios non se axusten ás características de cada servizo ou presenten poca coherencia ou non permitan claramente coñecer a solución suscitada. **De 0% a 25% dos puntos.**

As propostas que non cumpran cos requisitos establecidos no artigo 57 do PPTP, en canto aos tamaños máximos de arquivos, nº de follas máximas, interlineado, etc, serán obxecto de valoración técnica, pero a puntuación será a **METADE dos puntos** asignados ao correspondente apartado ou subapartado.

Será rexeitada toda oferta que na valoración final do apartado de criterios que dependan dun xuízo de valor, non obteña unha puntuación **igual ou superior a 23,00 puntos.**

1.- PLAN DE ORGANIZACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RU PROPOSTO	12,00 puntos
1.1.- Calidade e nivel de detalle da metodoloxía organizativa, así como das medidas de coordinación dos servizos. Definición de estrutura de apoio	5,00 puntos
1.2.- Calidade e nivel de detalle da planificación e calendario da prestación de todos os servizos	5,00 puntos
1.3.- Grado de redución das molestias dos servizos de recollida de residuos á cidadanía, en especial do ruído	2,00 puntos
2.- PLAN DE ORGANIZACIÓN DA LIMPEZA VIARIA PROPOSTO	10,00 puntos



2.1.- Calidade e nivel de detalle da metodoloxía organizativa de todos os servizos, así como das medidas de coordinación dos servizos.	4,00 puntos
2.2.- Calidade e nivel de detalle da planificación e calendario da prestación de todos os servizos	4,00 puntos
2.3.- Grado de redución das molestias dos servizos de limpeza viaria, en especial do ruído	2,00 puntos
3.- MEDIOS HUMANOS: DOTACIÓN DE MEDIOS HUMANOS, PLANS DE FORMACIÓN. ADECUACIÓN DA PLANTILLA ÁS NECESIDADES OPERATIVAS DOS SERVIZOS. PERSOAL DE MANDO E REFORZOS	6,00 puntos
3.1.- Descrición da adecuación da plantilla aos servizos (número de postos, plantilla, etc). Especificarase a dedicación, a categoría laboral do persoal que se propoña, indicando os postos de traballo totais no cómputo anual do servizo. Especificarase o persoal que traballe por turno, así como os que desempeñen o seu traballo en xornada de días laborais, sábados, domingos e/ou festivos	3,00 puntos
3.2.- Nivel de detalle da organización e funcionamento do persoal de mando (dirección, encargados, inspección, etc) e calidade e intensidade do servizo prestado aos servizos municipais para atender incidencias, tanto a diario como fins de semana e festivos (mañá, tarde e noite)	2,00 puntos
3.3.- Calidade e intensidade da proposta de formación das persoas traballadoras na vixencia do contrato.	1,00 punto
4.- MEDIOS MATERIAIS: DOTACIÓN, PLANS DE MANTEMENTO. ADECUACIÓN ÁS NECESIDADES OPERATIVAS DO SERVIZO. INSTALACIÓNS DO SERVIZO.	6,00 puntos
4.1.- Instalacións: valorarase a explotación e o mantemento das instalacións destinadas á execución do servizo. Valorarase as actuacións destinadas a mellorar os niveis de aforro e rendemento enerxético das instalacións.	3,00 puntos
4.2.- Vehículos: valorarase a dotación e calidade dos vehículos a empregar e a súa dedicación por servizo	2,00 puntos
4.3.- Vehículos: calidade e intensidade do plan de mantemento e limpeza dos vehículos, que deberá garantir unha adecuada prestación durante todo o período de duración do contrato.	1,00 punto
5.- CONTENERIZACIÓN	6,00 puntos
5.1.- Homoxeneidade, minimización do impacto visual e da afección visual relativa á altura dos contenedores, en relación á seguridade e accesibilidade	4,00 puntos
5.2.- Operacións de carga e descarga. Características técnicas ligadas á robustez e resistencia, e a maior capacidade de baleirado para mellorar a rapidez da manobra e contribuir á diminución da contaminación acústica e á redución de emisións de CO2	2,00 puntos



6.- SISTEMAS DE INFORMACIÓN, CONTROL E SEGUIMIENTO DOS SERVICIOS	2,50 puntos
6.1.- Calidade, facilidade de uso e accesibilidade á información dos sistemas e solución propostas para a implantación do sistema informático de xestión integral do contrato.	1,25 puntos
6.2.- Descrición da solución proposta para o seguemento e xestión integral das incidencias e para a xestión das suxerencias e reclamacións veciñais.	1,25 puntos
7.- COMUNICACIÓN, CONCIENCIACIÓN CIDADÁ E DE ATENCIÓN AOS USUARIOS.	2,50 puntos
Campañas de concienciación e comunicación coa cidadanía en xeral	
Accións encamiñadas a coñecer o grado de satisfacción cidadá con relación á prestación do servizo	
Aspectos que se consideren de interese para a mellora do servizo, relacionados co uso dos contenedores, concienciación ao cidadá sobre a limpeza viaria; procesos de mellora das ratios de recollida selectiva	

8.- VALORACIÓN DAS OFERTAS:

A continuación analízanse e valoranse as diferentes ofertas de acordo cos criterios e subcriterios de valoración e a metodoloxía descrita previamente.

1.- PLAN DE ORGANIZACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DO RU PROPOSTO:

1.1.- Calidade e nivel de detalle da metodoloxía organizativa, así como das medidas de coordinación dos servizos. Definición de estrutura de apoio.

FCC achega unha oferta con nivel de detalle e claridade moi adecuados. Realiza unha análise completa da situación actual e plantexa como obxectivo principal facilitar o reciclaxe e incrementar as taxas de recuperación totais de todo o concello. Deste xeito complétanse as áreas de aportación existentes e incrementanse noutros puntos do concello. Plantexa unha coordinación adecuada entre o servizo de recollida de residuos e a limpeza viaria para mellora da eficiencia do servizo, coa creación dun equipo específico de repaso. Presenta de xeito concreto o planteamento integral da recollida separada da materia orgánica, tanto na zona urbana como no rural, indicando medios asignados á mesma. A documentación gráfica presenta un alto grado de detalle. Inclúe medidas innovadoras ao actual sistema de recollida de residuos. Prevéen equipos multidisciplinares adicionais ás tarefas ordinarias do servizo para a optimización dos recursos e atención de todo tipo de incidencias, apoio, reforzos, etc, con polivalencia e en varios turnos. Califícase como “Moi bó”, cunha valoración de 4,75 puntos.

URBASER presenta unha oferta con nivel de detalle e claridade adecuados, non incluíndo medidas innovadoras ao servizo. Realiza un planteamento completo e xustifica un alto coñecemento da problemática actual e condicións do servizo mediante a aportación dun esquema DAFO. Propón un sistema de fomento do compostaxe para a redución do volumen da fracción resto na bolsa negra. Plantexa a coordinación dos equipos de traballo a través da figura



do “encargado de servizo”. A documentación gráfica presentada conta con menor detalle que a anterior proposta. Califícase como “Bó”, cunha valoración de 3,25 puntos.

ASU presenta unha oferta cun nivel de detalle xenérico, con menor nivel de concreción e adecuación ás necesidades do servizo que as anteriores. Non se realiza un estudo pormenorizado da situación actual, nin en función do rendemento dos equipos, taxa de enchido dos contenedores, etc. Non se describen accións concretas de coordinación dos diversos servizos. A documentación gráfica é correcta pero non ten un gran grado de detalle. Califícase como “Regular”, cunha valoración de 1,50 puntos.

1.2.- Calidade e nivel de detalle da planificación e calendario da prestación de todos os servizos

FCC presenta a oferta con maior nivel de calidade e detalle, cun planteamento completo e detallado. Na planificación do calendario do servizo ten en conta as características físicas/morfolóxicas, as necesidades e condicionantes específicas e as actividades existentes no concello. Inclúense táboas para cada un dos servizos e tratamentos, cun alto grado de detalle tendo en conta o número de equipos, a composición de cada un deles, frecuencia, turno, xornadas anuais de traballo e % xornada para cada un dos servizos. A planificación do mesmo distingue entre zonas de accesibilidade reducida e zonas accesibles, así como o tráfico rodado existente en todo o territorio. Realízase un correcto dimensionamento do servizo proposto en base aos rendementos de traballo dos equipos e á capacidade de carga dos vehículos empregados. Califícase como “Moi bó”, cunha valoración de 4,75 puntos

URBASER presenta unha oferta adecuada e completa, pero con menor nivel de detalle que a anterior. Inclúense táboas para cada un dos servizos e tratamentos, indicando o número de equipos, composición, turno e xornadas anuais. Califícase como “Bó”, cunha valoración de 3,25 puntos

ASU presenta unha oferta con baixo nivel de detalle e menor concreción que as anteriores. Bótase en falta información xustificativa suficiente, como son rendementos de traballo, % enchido de contenedores, etc. Califícase como “Regular”, cunha valoración de 1,30 puntos

1.3.- Grado de redución das molestias dos servizos de recollida de residuos á cidadanía, en especial do ruído.

FCC presenta medidas para a redución das molestias dos servizos de recollida de residuos á cidadanía, en especial do ruído, cun planteamento detallado e completo. Presenta medidas concretas en canto aos equipos e vehículos a empregar no servizo, así como na programación e planificación do servizo proposto. Califícase como “Moi bó”, cunha valoración de 2,00 puntos.

Respecto á anterior **URBASER**, presenta unha proposta adecuada e completa pero con menor nivel de detalle que a anterior. Califícase como “Bó”, cunha valoración de 1,40 puntos

ASU non presenta na súa proposta nada referente a este punto. Califícase como “Insuficiente” cunha valoración de 0,00 puntos.



Resumen criterio 1:

PLAN ORGANIZACIÓN RECOLLIDA RU	ASU	FCC	URBASER
1.1.-Calidade e nivel detalle metodoloxía	1,50	4,75	3,25
1.2.-Calidade e nivel detalle planificación	1,30	4,75	3,25
1.3.- Grado redución molestias	0,00	2,00	1,40
Subtotal criterio 1	2,80	11,50	7,90

2.- PLAN DE ORGANIZACIÓN DA LIMPEZA VIARIA PROPOSTO

2.1.- Calidade e nivel de detalle da metodoloxía organizativa de todos os servizos, así como das medidas de coordinación dos servizos.

FCC achega unha oferta con nivel de detalle e claridade moi adecuados. Presenta novedosos medios materiais para a mellora do servizo, que melloran a eficiencia e establece con detalle a coordinación entre os diversos equipos de traballo, para facer fronte a posibles incidencias, mellorando a disponibilidad as 24 horas do día. Servizo específico de limpeza en domingos e festivos. Prestarase especial atención á limpeza mediante auga en beirarrúas, mediante o baldeo en determinadas épocas do ano, para eliminar as herbas e outras manchas. Plans de limpeza específicos para determinadas zonas do concello de Mos. Realízase unha análise detallada de todo o territorio, en función do tipo de vía (bordillo libre, beirarrúa, isletas, rotondas, tipo de arborado, zonas de ocio, zonas comerciais, zonas educativas, etc). Presenta documentación gráfica moi detallada e precisa e achega programación específica para determinadas áreas. Adecuación dos medios materiais e ferramentas dos equipos de limpeza viaria segundo as necesidades que poidan xurdir coa realización dos traballos. Califícase como “Moi bó”, cunha valoración de 3,84 puntos.

URBASER presenta unha oferta con nivel de detalle e claridade adecuados. Realiza un planteamento completo e xustifica un alto coñecemento da problemática actual e condicións do servizo mediante a aportación dun esquema DAFO. Adecuación dos medios materiais e ferramentas dos equipos de limpeza viaria segundo as necesidades. Plantexa a coordinación dos equipos de traballo a partir da figura do “encargado do servizo”, e presenta unha táboa que recolle as tarefas de coordinación entre os diversos equipos (barrido manual, barrido mecánico e baldeo mecánico). Califícase como “Moi bó”, cunha valoración de 2,80 puntos.

ASU presenta unha oferta con baixo nivel de detalle e calidade con respecto aos outros dous licitadores. A documentación gráfica relacionada con este servizo non está suficientemente detallada. Botase en falta datos xustificativos da opción proposta, como por exemplo a coordinación entre os diversos equipos. Califícase como “Regular”, cunha valoración de 1,04 puntos.

2.2.- Calidade e nivel de detalle da planificación e calendario da prestación de todos os servizos

FCC presenta a oferta con maior nivel de calidade e detalle, cun planteamento completo e detallado. Na planificación do calendario do servizo ten en conta a sectorización por usos e por niveis. Propóñse medidas adecuadas, axeitadas á realidade do concello de Mos e segundo as



necesidades actuais. Destaca por ofrecer servizos de repaso e tratamentos intensivos segundo as zonas a tratar e outros novos. Mellora notable das frecuencias de limpeza establecidas no prego de prescricións técnicas. A planificación e calendario da prestación queda xustificada mediante os rendementos e dimensionamentos presentados na oferta. Califícase como “Moi bó”, cunha valoración de 3,80 puntos

URBASER presenta unha oferta adecuada e completa, pero con menor nivel de detalle que a anterior. Realiza un planteamento completo e xustifica un alto coñecemento da problemática actual e condicións do servizo mediante a aportación dun esquema DAFO. Mellora en algunha frecuencia de limpeza establecida no prego de prescricións técnicas. Califícase como “Bó”, cunha valoración de 2,84 puntos.

ASU achega unha planificación menos detallada que as outras dúas. Non se detalla de xeito concreto cada un dos servizos a realizar neste tipo de servizo. Califícase como “Regular”, cunha valoración de 1,04 puntos

2.3.- Grado de redución das molestias dos servizos de limpeza viaria, en especial do ruído

URBASER propón un programa de limpeza viaria que diminúe ao mínimo as molestias polo ruído, ao ter en conta vehículos eléctricos e maquinaria de baixa produción de ruído. Califícase como “Moi bó”, cunha valoración de 2,00 puntos.

FCC propón un programa de limpeza viaria que diminúe as molestias de ruído tendo en conta a elección dos vehículos e maquinaria a empregar (con equipamento reductor de ruído). Horarios de traballo adaptados ao entorno e á casuística do concello. Califícase como “Moi bó”, cunha valoración de 1,90 puntos.

ASU non presenta na súa proposta nada referente a este punto. Califícase como “Insuficiente” cunha valoración de 0,00 puntos.

Resumen criterio 2:

PLAN ORGANIZACIÓN LIMPEZA VIARIA	ASU	FCC	URBASER
2.1.-Calidade e nivel detalle metodoloxía	1,04	3,84	2,80
2.2.-Calidade e nivel detalle planificación	1,04	3,80	2,84
2.3.- Grado redución molestias	0,00	1,90	2,00
Subtotal criterio 2	2,08	9,54	7,64

3.- MEDIOS HUMANOS: DOTACIÓN DE MEDIOS HUMANOS, PLANS DE FORMACIÓN. ADECUACIÓN DA PLANTILLA ÁS NECESIDADES OPERATIVAS DOS SERVIZOS. PERSOAL DE MANDO E REFORZOS.



3.1.- Descrición da adecuación da plantilla aos servizos (número de postos, plantilla, etc).

Especificarase a dedicación, a categoría laboral do persoal que se propoña, indicando os postos de traballo totais no cómputo anual do servizo. Especificarase o persoal que traballe por turno, así como os que desempeñen o seu traballo en xornada de días laborais, sábados, domingos e/ou festivos

FCC é a de mellor nivel global de dotación, coherencia e adecuación ao planteamento que presenta na súa oferta. Especifica para cada un dos servizos a prestar, o persoal asignado, con graos de dedicación, categorías e postos de traballo totais equivalentes dentro do cómputo anual do servizo. Indica o persoal que traballa por turnos, así como os que teñen a súa xornada laboral en días laborables, sábados, domingos e/ou festivos. Ademais tamén se achega o número de postos adicados aos servizos especiais ou de tempada. O responsable do contrato conta con técnicos especializados e a disposición en limpeza urbana, recollida de residuos e traballos verdes e de compostaxe. Califícase como “Moi bó” cunha valoración de 2,85 puntos.

URBASER tamén achega unha oferta onde especifica a categoría de persoal e postos de traballo totais equivalentes dentro do cómputo anual. Non indica se a xornada laboral se realiza en días laborables, sábados, domingos e/ou festivos e tampouco especifica na táboa presentada o número de postos adicados aos servizos especiais ou de tempada. Califícase como “Moi bó”, cunha valoración de 2,13 puntos.

ASU presenta unha oferta con menor nivel de detalle, con dotacións completas, aínda que con menor nivel de concreción e adecuación ás necesidades do servizo. Califícase como “Regular” cunha valoración de 1,50 puntos.

3.2.- Nivel de detalle da organización e funcionamento do persoal de mando (dirección, encargados, inspección, etc) e calidade e intensidade do servizo prestado aos servizos municipais para atender incidencias, tanto a diario como fins de semana e festivos (mañá, tarde e noite)

FCC presenta un mellor nivel de detalle da organización e funcionamento do persoal de mando. Achega organigrama de toda a organización e funcionamento do persoal de mando. Descrición pormenorizada das funcións e tarefas de cada posto de traballo. Presenta referencias expresas e detalladas do plan de atención a incidencias diarias e en festivos, a través de medios telefónicos e aplicacións informáticas concretas. Califícase como “Moi bó” cunha valoración de 1,90 puntos

URBASER tamén presenta unha oferta con gran detalle na organización e funcionamento do persoal de mando. O plan de atención a incidencias diarias e en festivos realizase a través da figura do “encargado de servizo”. Califícase como “Moi bó” cunha valoración de 1,42 puntos.

ASU presenta un menor nivel de detalle que as anteriores e non recolle un organigrama completo do persoal de mando adscrito ao servizo. A calidade e intensidade do servizo prestado en canto a atención de posibles incidencias non está suficientemente detallado. Califícase como “Regular” cunha valoración de 0,80 puntos



3.3.- Calidade e intensidade da proposta de formación das persoas traballadoras na vixencia do contrato.

URBASER é a que mellor plan de formación achega, no referente á calidade e intensidade. Propón unha política de formación completa onde se identifican as necesidades formativas e se clasifican en accións programadas, puntuais ou externas. Achega unha relación de cursos e accións formativas segundo o tipo de posto ao que está adicado, así como horas para cada un deles. Así mesmo, tamén se ten en conta o seguemento e avaliación de cada unha das accións formativas. Contemplase e detállase unha boa programación de cursos ao longo de todo o período concesional incluíndo calendario diferenciado entre accións formativas obrigatorias e opcionais. Califícase como “Moi bó”, cunha valoración de 1,00 punto.

FCC achega un plan de formación con moi bó grado de calidade e intensidade. Descríbese o calendario previsto de execución, así como os medios pedagóxicos propostos. Contemplase unha ampla programación de cursos, e se ben non se detallan as horas dedicadas a cada un deles, sí que se inclúen os obxectivos que se pretenden acadar. O plan de formación proposto basease na adaptación dos traballadores aos cambios que se producen a nivel organizativo e de seguridade. Califícase como “Moi bó”, cunha valoración de 0,95 puntos.

ASU propón unha política de formación menos detallada que os anteriores. O plan de formación está deseñado por empresa externa, indicando os diversos cursos a impartir, con indicación de horas e programa de cada un deles. Non indica a qué persoal vai estar indicado cada un deles. Califícase como “Regular”, cunha valoración de 0,45 puntos

Resumen criterio 3:

MEDIOS HUMANOS	ASU	FCC	URBASER
3.1.- Adecuación da plantilla aos servizos	1,50	2,85	2,13
3.2.- Nivel detalle organización e funcionamento persoal de mando	0,80	1,90	1,42
3.3.- Calidade e intensidade proposta formación	0,45	0,95	1,00
Subtotal criterio 3	2,75	5,70	4,55

4.- MEDIOS MATERIAIS: DOTACIÓN, PLANS DE MANTEMENTO. ADECUACIÓN ÁS NECESIDADES OPERATIVAS DO SERVIZO. INSTALACIÓNS DO SERVIZO.

4.1.- Instalacións: valorarase a explotación e o mantemento das instalacións destinadas á execución do servizo. Valorarase as actuacións destinadas a mellorar os niveis de aforro e rendemento enerxético das instalacións.

FCC presenta na súa proposta unha instalación xa existente, que conta con instalacións suficientes para cubrir as necesidades operativas do servizo. A situación e acceso desta instalación permite garantir a programación das rutas establecidas para os diversos servizos. Establécense medidas concretas de actuacións a realizar para mellorar os niveis de aforro, tanto de auga e de luz, e mellora do rendemento enerxético das instalacións. Achégase un programa detallado de mantemento, tanto preventivo como correctivo, das instalacións. Califícase como “Moi bó”, cunha valoración de 2,85 puntos.



URBASER, tamén presenta na súa proposta unha instalación xa existente, con superficie e instalacións suficientes para cubrir as necesidades operativos do servizo. Establécense tamén medidas concretas de actuacións a realizar para obter niveis de aforro e mellora da eficiencia enerxética. Achegase programa de mantemento, tanto preventivo como correctivo. Califícase como “Moi bó”, cunha valoración de 2,70 puntos.

ASU presenta unha nave xa existente, con superficie e instalacións adecuadas para cubrir as necesidades do servizo. Establécense medidas concretas de actuacións para garantir niveis de aforro, aínda que con menor detalle que as anteriores. Presenta plan de mantemento xeral e mantemento eléctrico con menor nivel de detalle. Califícase como “Bó”, cunha valoración de 2,10 puntos

4.2.- Vehículos: valorarase a dotación e calidade dos vehículos a empregar e a súa dedicación por servizo

URBASER presenta unha maior dotación de vehículos e maquinaria a empregar no servizo, incluíndo vehículos de reserva para cubrir posibles incidencias ou fallos mecánicos que se poidan producir. Todos os vehículos e/ou maquinaria ofertada cumpren os estándares prescritos en canto a baixas emisións de CO₂ e niveis de ruído. Califícase como “Moi bó” cunha valoración de 1,90 puntos.

FCC presenta un maior nivel de calidade e detalle en canto a dotación e calidade dos vehículos e maquinaria a empregar no servizo. Inclúe unha boa dotación de vehículos e maquinaria de reserva de nova adquisición ou en réxime de aluguer que permite levar a cabo o servizo sen imprevistos. Cumprense os estándares prescritos en canto á baixa emisión de CO₂ e niveis de ruído. Achega documentación detallada de fabricantes e provedores. Califícase como “Moi bó”, cunha valoración de 1,80 puntos

ASU achega na súa proposta un nivel de detalle e calidade dos vehículos a empregar de menor calidade e cantidade que as anteriores propostas. Califícase como “Bó”, cunha valoración de 1,02 puntos.

4.3.- Vehículos: calidade e intensidade do plan de mantemento e limpeza dos vehículos, que deberá garantir unha adecuada prestación durante todo o período de duración do contrato.

A proposta de **FCC** é a que maior nivel de detalle en canto a tarefas de mantemento. Xustifícase un alto coñecemento das gamas de vehículos e maquinaria, debido a que se desglosa por niveis e por tipo de maquinaria as distintas operacións a realizar no mantemento preventivo. Tamén se inclúe un plan de mantemento preventivo a realizar nos contenedores e nas máquinas auxiliares. Califícase como “Moi bó”, cunha valoración de 1,00 punto.

URBASER tamén achega unha proposta detallada en canto ao plan de mantemento preventivo e correctivo dos vehículos empregados no servizo. Faise mención ao plan de lavado individualizado da maquinaria, se ben non se detalla. Califícase como “Moi bó”, cunha valoración de 0,80 puntos.



A oferta de **ASU** presenta un nivel de detalle aceptable na calidade do plan de mantemento e limpeza dos vehículos, pero menor nivel de concreción que as anteriores. Califícase como “Bó” cunha valoración de 0,60 puntos.

MEDIOS MATERIAIS	ASU	FCC	URBASER
4.1.- Instalacións	2,10	2,85	2,70
4.2.- Vehículos: dotación e calidade	1,02	1,80	1,90
4.3.- Vehículos: plan de mantemento	0,60	1,00	0,80
Subtotal criterio 4	3,72	5,65	5,40

5.- CONTENERIZACIÓN

5.1.- Homoxeneidade, minimización do impacto visual e da afección visual relativa á altura dos contenedores, en relación á seguridade e accesibilidade

A proposta de **FCC** é a de maior minimización do impacto visual e da afección visual relativa á altura dos contenedores e a mellor en relación á seguridade e accesibilidade, cunha dotación adecuada aos planteamentos da súa oferta. Propón modelos que son todos da mesma gama estética e de un só fabricante e estende ao máximo a instalación dun único sistema de carga ao longo de todo o territorio, salvo excepcións de lugares con escasa accesibilidade. Permite unha maior accesibilidade para realizar a carga no mesmo. Achega os certificados de calidade e de accesibilidade, así como compromiso de subministro de proveedor. Califícase como “Moi bó”, cunha valoración de 3,92 puntos.

URBASER presenta no seu plan de contenerización por modelos dun mesmo fabricante pero dúas gamas diferenciadas segundo o tipo de residuo, polo que o impacto visual é maior que na anterior proposta. Califícase como “Bó”, cunha valoración de 2,40 puntos.

ASU presenta proposta con menor grao de homoxeneidade ao incorporar contenedores de distintos tipos de carga e dimensións, polo que non se minimiza o impacto visual. Non se achegan certificados de calidade e accesibilidade. Califícase como “Bó”, cunha valoración de 2,04 puntos.

5.2.- Operacións de carga e descarga. Características técnicas ligadas á robustez e resistencia, e a maior capacidade de baleirado para mellorar a rapidez da manobra e contribuir á diminución da contaminación acústica e á redución de emisións de CO₂

As unidades de contenerización propostas por **FCC** son as de maior robustez e resistencia posúen. Ademais ten unha maior capacidade de baleirado que repercute nunha diminución da contaminación acústica e á reducións de emisións de CO₂. Ditas características de robustez e resistencia están avaladas por entidades de certificación debidamente acreditadas. A carga e o baleirado pode realizarse por ambos lados o cal supón unha vantaxe en zonas de difícil acceso. Faise mención á minimización da



propagación do lume en caso de incendio. Presenta unha proposta con maior grado de detalle. Califícase como “Moi bó”, cunha valoración de 2,00 puntos.

A proposta de **URBASER** aínda que presenta un bó grado de detalle, a contenerización proposta non posúe un grado de robustez e resistencia bastante grado de detalle non posúe un grado de robustez e resistencia como á de anterior propostas. A documentación gráfica relacionada non se atopa tan detallada como a anterior proposta. Califícase como “Bó”, cunha valoración de 1,10 puntos

ASU presenta na súa oferta varios modelos en función da fracción a recoller, con menor grado de robustez e resistencia e un menor grado de detalle. Califícase como “Regular”, cunha valoración de 0,80 puntos.

Resumen criterio 5:

CONTENERIZACIÓN	ASU	FCC	URBASER
5.1.- Homoxeneidade e minimización impacto visual	2,04	3,92	2,40
5.2.- Operacións carga e descarga	0,80	2,00	1,10
Subtotal criterio 5	2,84	5,92	3,50

6.- SISTEMAS DE INFORMACIÓN, CONTROL E SEGUIMIENTO DOS SERVICIOS

6.1.- Calidade, facilidade de uso e accesibilidade á información dos sistemas e solución propostas para a implantación do sistema informático de xestión integral do contrato.

A proposta de **FCC** destaca por ser un sistema informático de xestión integral de deseño propio, accesible mediante aplicación web, e que é plenamente integrable con outros softwares que poida contratar no futuro o concello. Ademais inclúe as características de cada dispositivo da electrónica embarcada nos equipos e vehículos asignados. Trátase dunha proposta de facilidade de uso e accesible a toda a información recollida e que se pode xestionar segundo os perfís de usuarios que se consideren. Describe e desarrolla cada un dos módulos que forman parte de dito sistema informático de xestión integral. Propónse un sistema de mantemento e actuación do sistema continuo e asociado ao software e ao hardware desplegado na solución proposta. Non se precisarán licenzas ao ser un desenvolvemento propio. Califícase como “Moi bó”, cunha valoración de 1,20 puntos

URBASER presenta a implantación dun sistema informático de xestión integral tamén accesible mediante aplicación web, cunha interface sinxela e que dispón tamén de diversos módulos funcionais. Non se detalla con tanta precisión o dispositivo instalado nos vehículos/equipos da flota. Tamén conta con xestión e creación de diversos perfís de usuarios. Califícanse como “Moi bó” cunha valoración de 1,06 puntos.

ASU achega un sistema informático de xestión integral desenvolvido por empresa externa. Basease tamén na aplicación web, cunha interface que semella máis complexa e menos accesible que as dúas anteriores propostas. Tamén conta con diversos módulos de xestión e de creación de diversos perfís de usuarios. Califícase como “Moi bó”, cunha valoración de 1,00 punto.



6.2.- Descrición da solución proposta para o seguemento e xestión integral das incidencias e para a xestión das suxerencias e reclamacións veciñais.

A proposta de **FCC** destaca polo amplamente detallado da súa proposta en canto á metodoloxía de seguemento e xestión integral de incidencias, así como a xestión de suxerencias e reclamacións veciñais. Se definen os canles de comunicación externos (clientes e usuarios) e internos (empregados- empresa), mediante a app para o móbil, web, e-mail, liña telefónica, etc. Os sistemas propostos garanten una xestión áxil e accesible para o concello de Mos, a través dunha única plataforma integrada, con verificación en tempo real da execución de todas as reclamacións realizadas. Califícase como “Moi bó”, cunha valoración de 1,25 puntos.

URBASER tamén achega unha proposta detallada en canto á metodoloxía de seguemento de incidencias e/ou posibles reclamacións a partir dun módulo específico dentro do sistema informático de xestión, e dando acceso a través de App para móbil. Se ben, Califícase como “Moi bó”, cunha valoración de 1,15 puntos.

ASU achega unha metodoloxía de seguemento e xestión integral de incidencias, así como de suxerencias e reclamacións veciñais con menor nivel de detalle e accesibilidade para o usuario que as anteriores. Califícase como “Bó”, cunha valoración de 0,64 puntos.

Resumen criterio 6:

SISTEMAS SEGUEMENTO	INFORMACIÓN, CONTROL	E	ASU	FCC	URBASER
6.1.- Calidade, facilidade uso e accesibilidade á información			1,00	1,20	1,06
6.2.- Xestión integral incidencias, suxerencias e reclamacións			0,64	1,25	1,15
Subtotal criterio 6			1,64	2,45	2,21

7.- COMUNICACIÓN, CONCIENCIACIÓN CIDADÁ E DE ATENCIÓN AOS USUARIOS

- Campañas de concienciación e comunicación coa cidadanía en xeral.
- Accións encamiñadas a coñecer o grado de satisfacción cidadá con relación á prestación do servizo
- Aspectos que se consideren de interés para a mellora do servizo.

A proposta de **FCC** é a que presenta maior grado de detalle e basea o seu programa de campañas de concienciación e comunicación tendo en conta a casuística do concello de Mos e segundo a tipoloxía dos colectivos aos que se dirixen. Establece un planing ao longo de todo o contrato e fixa unhas obxectivos a acadar en canto á consolidación de todas as fraccións de residuos e sobre todo a implantación da recollida separada da materia orgánica. Indica diversos medios de difusión e canles a empregar. O grado de satisfacción realízase mediante diversos estudos e a través do servizo de atención ao cidadán. Califícase como “Moi bó”, cunha valoración de 2,50 puntos



URBASER presenta unha proposta menos detallada, se ben se relacionan todas as campañas de comunicación e concienciación que se van a realizar ao longo do contrato segundo os diversos colectivos e cunha planificación ao longo do contrato. Ten en conta nesta programación a recollida da fracción orgánica que se vai implantar no concello de Mos. Propón a realización de encuestas a través de diversos canles para coñecer o grado de satisfacción cidadá. Califícase como “Moi bó”, cunha valoración de 1,95 puntos

ASU presenta un listado de diversas campañas de concienciación e comunicación orientadas á cidadanía en xeral, sen moito grado de detalle. Non se indican acción encamiñadas a coñecer o grado de satisfacción cidadá nin relacionados coa prestación do servizo. Tampouco se recollen aspectos de interés para a mellora do mesmo. Califícase como “Insuficiente”, cunha valoración de 0,65 puntos

Resumen criterio 7:

COMUNICACIÓN, CONCIENCIACIÓN E ATENCIÓN USUARIOS	ASU	FCC	URBASER
Comunicación, concienciación cidadá e atención a usuarios	0,65	2,50	1,95
Subtotal criterio 7	0,65	2,50	1,95

9.- RESUMEN DA PUNTUACIÓN FINAL DAS OFERTAS

CRITERIOS VALORACIÓN	Puntuación máx. criterio	ASU	FCC	URBASER
1.- Plan de organización servizo recollida e transporte de RU proposto	12,00	2,80	11,50	7,90
2.- Plan de organización da limpeza viaria proposta	10,00	2,08	9,54	7,64
3.- Medios humanos	6,00	2,75	5,70	4,55
4.- Medios materiais	6,00	3,72	5,65	5,40
5.- Contenerización	6,00	2,84	5,92	3,50
6.- Sistemas de información, control e seguemento dos servizos	2,50	1,64	2,45	2,21
7.- Comunicación, concienciación cidadá e atención aos usuarios	2,50	0,65	2,50	1,95
TOTAL ARCHIVO II:		16,48	43,26	33,15

10.- CONCLUSIONES:

Unha vez realizadas as valoracións correspondentes aos distintos criterios de adjudicación establecidos no prego de prescripcións técnicas particulares, chégase as seguintes conclusións:

1.- Tal e como se recolle no apartado 58.2.- Proceso de puntuación dos criterios avaliados mediante xuízo de valor “ do Prego de prescripcións técnicas particulares, “será rexeitada toda oferta que na valoración final do apartado de criterios que dependan dun xuízo de valor, non obteña unha puntuación igual ou superior a 23,00 puntos”. Segundo isto a oferta correspondente a **ASCAN SERVICIOS URBANOS, S.L.**, deberá ser **rexeitada**, toda vez que, no resumen final da



valoración do apartado de criterios que dependen dun xuízo de valor, non obtivo a puntuación igual ou superior a 23,00 puntos.

2.- A oferta que obtivo maior puntuación corresponde a oferta presentada por **FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U.**, cunha puntuación de **43,26 puntos**.

, o que se da traslado ao órgano de contratación aos efectos oportunos.”

-----o0o-----

A Mesa de Contratación, procede a ponderar, de acordo co informe de valoración, os criterios dependentes dun xuízo de valor co seguinte resultado:

- FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U.: 43,26 puntos.
- URBASER, S.A.: 33,15 puntos.
- ASCAN SERVICIOS URBANOS, S.L.: 16,48 puntos.

SEGUNDO.- De conformidade co previsto na cláusula 10.2.1.1 dos PCAP (*Será rexeitada toda oferta que na valoración final do apartado de criterios que dependan dun xuízo de valor, non obteña unha puntuación igual ou superior a 23,00 puntos*) a Mesa entende que procede a exclusión da oferta presentada por ASCAN SERVICIOS URBANOS, S.L.

TERCEIRO.- A Mesa de contratación, de acordo coa cláusula 14.3 dos PCAP, realizará o acto público de apertura dos arquivos III (*Oferta económica e documentación cuantificable de forma automática*) o día 1 de marzo ás 9 horas na Axencia de colocación do Concello de Mos (antigo CDL), sito na Avda. de Peinador, 39, 36416 de Mos.

A Sra. Alcaldesa Presidenta da por terminada a reunión ás 10.50 horas.

E para constancia do tratado levanto a presente Acta que eu a Secretaria, tra-la súa lectura, someto á sinatura da Presidenta; dou fe.

Documento asinado electronicamente á marxe

